

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A ADQUISICIÓN DUN SECUENCIADOR DE ADN PARA A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Amancio Ortega Gaona, subscribiron o 19/5/20 un convenio de colaboración que ten por obxecto, concretar o importe da doazón pola Fundación Amancio Ortega Gaona destinada a sufragar os custes de adquisición e servizo de mantemento por cinco anos dun novo equipo de secuenciación masiva de ADN para a FPGMX.

O importe máximo da doazón é de 1.200.000 €, e ven determinado polo valor estimado do expediente de contratación asociado a adquisición do equipo e o seu servizo de mantemento por un período de cinco anos. Non obstante, dentro do límite deste importe máximo, o importe final axustarase definitivamente de acordo co prezo final de adxudicación.

Para estes efectos, a FPGMX formalizará un expediente de contratación para a licitación do contrato de subministración de dito equipamento e servizo de mantemento de cinco anos, consonte ao establecido na lexislación vixente de Contratación do Sector Público.

Este Convenio de Colaboración e a súa implementación na FPGMX reflicte o esforzo conxunto do Sergas e a Fundación Amancio Ortega Gaona na procura dunha solución que permita dar unha mellor resposta a colectividade mediante unha mellora na atención ao cidadán a través da actualización tecnolóxica cubrindo a necesidade de equipamento de última xeración para a secuenciación masiva de xenomas humanos completos e xenomas a gran escala, que proporcione a potencia, a flexibilidade e a capacidade de secuenciación necesarias para abordar os retos aos que se enfrontará a FPGMX nos próximos anos.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo